23 FEBREIRO 2018

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO

ACTIVIDADES PARA O DÍA DO LIBRO E O FOMENTO DA LECTURA NOS CENTROS CÍVICOS DE SANTIAGO

EXPOSICIÓNS

FONTIÑAS. **EXPOSICIÓN** arredor da figura de Hans Christian Andersen e os seus contos, exporanse os fondos da biblioteca.
Aula de xogo. Montarase o día 24 e permanecerá durante toda a semana.

VITE. **MOSTRA SOBRE HANS CHRISTIAN ANDERSEN** para dar a coñecer a figura e os seus contos así como os fondos que se teñen na biblioteca nas súas distintas edicións.
Durante o mes de abril na Biblioteca do Centro

VITE. **EXPOSICIÓN "A BIBLIOTECA DO NAUTILUS"**. Ambientarase a biblioteca como se se tratase da biblioteca do Nautilus e colocaremos unha serie de pistas que deberán seguir para poder "escapar" do Nautilus.
O 21 de abril pola mañá.

SANTA MARTA. **RETALLOS, A EXPOSICIÓN**. Recollidas as recomendacións da veciñanza sobre as súas preferencias na lectura, elaborarase unha exposición onde todos os libros elixidos poderás atopalos nas bibliotecas da Rede de Centros Socioculturais.
A partir do 17 de maio

LECTURA DE TEXTOS SELECCIONADOS

Un dos días desa semana , faranse lecturas dos contos Andersen nos seguintes lugares:

FONTIÑAS: Faremos un recorrido pola vida e contos de Andersen, nenos e adultos leremos fragmentos dalgúns dos clásicos contos do autor danés.
Aula de xogo. 25 de abril

CONXO: Na biblioteca do centro, poderanse ler anacos das obras favoritas de Rosalía de Castro.
Venres, 27 de abril

OBRADOIROS

SANTA MARTA. **OBRADOIRO INFANTIL:** "Un conto de H.C. Andersen" en viñetas para quen queira participar no concurso de cómic organizado pola OEPLI.
17 de abril

TROCO DE LIBROS - LIBERACIÓN DE LIBROS

SANTA MARTA. **FEIRA DO TROCO DE LIBROS:** Dende o 16 ó 27 de abril

CONXO. **MESA DE INTERCAMBIO:** na entrada do centro. A partir do día 23 de abril.

FONTIÑAS. **MESA DE INTERCAMBIO:** na entrada do centro cívico ou no parque. A partir do día 24 de abril e durante toda a semana. Farase liberación de libros polo parque anexo ó Centro

VITE. **MISIÓN IMPOSIBLE:** O club xuvenil vai realizar unha misión imposible pola zona vella. Durante a realización do xogo queremos aproveitar o excedente de libros doados na biblioteca e darlles unha segunda oportunidade, polo que os rapaces terán que regalar libros envoltos en papel de agasallo (non saberán que libro hai envolto) en diferentes lugares da zona vella a xente que se encontre pola rúa.
Sábado, 21 de abril

TEATRO

CONXO. **CONTO DE SOMBRAS "O CONTO DOS CONTOS":** o club de pequenas lectoras representará este espectáculo cun conto de elaboración propia.
Mércores 25 de abril ás 19:45 horas.

BIBLIOTECA NA RÚA - VITE

Levaremos un carriño polas rúas próximas ó centro con libros e con información relativa ó funcionamento da nosa biblioteca. Regalaremos flores de papel e algúns libros para dar relevancia ó día do libro.
Venres 20 de abril, de 17:00 a 19:00 horas.
"A SOLTA DE LIBROS III" - Os libros saen a rúa, aos comercios, para atopar nos lectores e novos andeis - rúas e tendas do barrio.
mércores, 25 de abril

ADOPTA UN LIBRO – SANTA MARTA

Iniciativa que ten como obxecto que os usuarios e as usuarias da biblioteca atopen un libro axeitado ás súas necesidades emocionais asesoradas pola bibliotecaria e que lle presten a atención e lectura que se merece.
Abril e maio

XOGOS CON LIBROS

VITE - **XOGO COLABORATIVO** - "Na procura das letras"
do 20 ao 27 de abril - aula de xogo

MURAIS - RETALLOS

VITE: Mural con varios libros moi coñecidos que iran variando cada 2 ou 3 días; ao lado do mural colocaranse papeis con forma de estrela, que serán utilizadas para votar polo seu libro preferido. Unha vez finalizadas as votacións faremos unha lista na que se recollerá un pequeno resumo das obras e a nota media de estrelas.
Entrada do centro. Do 13 ao 25 de abril.

SANTA MARTA. RETALLOS. Proposta de animación á lectura que consta de dúas partes, a primeira, onde as persoas que asisten ao centro recomendarán un libro que se atope en calquera das bibliotecas da Rede, e a segunda, a exposición de Retallos.
Do 17 de abril ao 16 de maio.

CONXO. MURAL DE POESÍA ADICADO: tanto no club de lectura como na aula de xogo escribiremos poemas adicados a persoas habituais do centro preferiblemente.
2 de maio ao 30 de maio.

FONTIÑAS. "MURO DAS LAMENTACIÓNS": Instalaremos un mural onde se poderán deixar mensaxes en verso a persoas usuarias habituais do centro. Instalarase durante a semana do libro.

CONCELLO DE SANTIAGO

SocioCulturales pazo

Deputación DA CORUÑA